



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 90/142

De: Responsable superior contable e Orzamentación
A: Dirección de Ingresos (Dona M^a del Carmen Pazos Area)
Asunto: Orzamento 2025, estado de INGRESOS
Expediente: 90/142

Coa data da sinatura do 25/06/2024, o Sr. Alcalde Presidente, resolveu sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2025. Con data posterior, o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda por Resolución da Alcaldía Xenérica da Ade 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023, ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos/2025.

Aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 168.1.e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberase achegar cuantificación do recursos que conforman os capítulos 1, 2, 3 e 5, así como calquera información que se teña sobre o resto dos capítulos.

En relación cos impostos cedidos pola Administración do Estado, dos capítulos 1 e 2, así como o Fondo Complementario de Financiamento e a Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma e as prestacións asociadas á Lei de Dependencia, non serán cuantificados .

Así mesmo, en cumprimento do previsto no artigo 168.1.g), unha vez pechada a estrutura de ingresos, tendo en conta as subvencións, se solicitará a emisión do informe de ingresos e bases utilizadas para xustificar as previsións contidas no devandito estado.

En Vigo a data da sinatura electrónica

O Responsable superior contable e orzamentario: Luís García Álvarez

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira

Delegación da área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/10/2024 11:55	Páxina 1 de 1
90-142	CSV: A7A75A-E2D5E9-CHCFB3-KJ2HQY-49BFBY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		